



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Fornelos de Montes,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de agosto de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o acordo do que o seu contido se transcribe na súa literalidade, a expensas do que resulte da aprobación definitiva da acta:

“

2º.- Expediente 441/2024. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN CONSISTENTE NA REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS.

Vista a necesidade deste Concello de realizar as obras consistentes na realización da “rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas municipais”, cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra en virtude de:

- Subvención concedida polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra (Registro de entrada nº 2023-E-RC-905 de data 27 de xuño de 2023) e o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Fornelos de Montes de 15 de decembro de 2023 pola que se concede ao Concello de Fornelos de Montes unha subvención por importe de douscentos noventa e oito mil setecentos dezaioito euros con cincuenta e cinco céntimos (298.718,55 €) para o investimento consistente en “rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas” ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 - Programa PON2030, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023 (Expte. nº 130/2023).
- Subvención concedida por Resolución do Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra (Registro de entrada nº 2024-E-RC-500 de data 12 de abril de 2024) pola que se concede ao Concello de Fornelos de Montes unha subvención por importe de corenta e catro mil trescentos cincuenta e oito euros con catro céntimos (44.358,04 €) para a achega municipal do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra do Programa PON2030 para o investimento consistente en “rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas” ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia 2024 (BOPPO n.º 2 de 3 de xaneiro de 2024) (Expte. nº 173/2024).

Visto o proxecto técnico das obras consistentes na “Rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas”, redactado polo arquitecto técnico, D. Miguel Ángel Pérez Marquina, cun orzamento total de trescentos cincuenta e un mil catrocentos trinta e tres euros con cincuenta e nove céntimos (351.433,59 euros), IVE incluído.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal, José Luis Sánchez Silva, de 18 de abril de 2023, ao abeiro do artigo 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia no que informa sobre a necesidade de presentar unha declaración responsable ante Augas de Galicia.



**C O N C E L L O**

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Visto que con data 19 de abril de 2023 presentouse declaración responsable en Augas de Galicia (nº de entrada 2023/1189766).

Visto que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 21 de abril de 2023 aprobouse o proxecto técnico das obras de “Rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas”, redactado polo arquitecto técnico, D. Miguel Ángel Pérez Marquina, cun orzamento de douscentos noventa mil catrocentos corenta euros con noventa e oito céntimos (290.440,98 €) e sesenta mil novecentos noventa e dous euros con sesenta e un céntimos (60.992,61 €) correspondentes ao IVE

Vista a Resolución da Dirección de Augas de Galicia no expediente nº DH.W36.92726 (Registro de entrada n.º 2023-E-RC-662 do 15 de maio de 2023).

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal, José Luis Sánchez Silva, de 8 de xuño de 2023.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directrices do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), esta Alcaldía entende preciso que se tramite o correspondente contrato administrativo de obras consistente na rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas municipais (Expte. nº 441/2024).

Visto que, de conformidade co disposto no artigo 28 da LCSP, queda acreditado no expediente administrativo mediante memoria xustificativa de 28 de agosto de 2024 a insuficiencia de medios persoais e técnicos propios para facer fronte ás necesidades que motivan a licitación deste contrato.

Considerando que atendendo ao importe ao que ascende o contrato, así como os criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares o procedemento de licitación máis adecuado parece o procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Visto que con data de 28 de agosto de 2024 emitíronse informes da Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, dos pregos así como o certificado de existencia de crédito.

Previa deliberación a Xunta de Goberno Local, por delegación por acordo de Pleno adoptado na sesión extraordinaria de 27 de xuño de 2023 das competencias atribuídas no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 117 e no apartado 2 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, como contrato administrativo de obra, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para a contratación da actuación consistente na “Rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas”.

Segundo.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Pregos de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación.

Terceiro.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplificado, procedendo á publicación do pertinente anuncio de licitación





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de vinte días dende a súa publicación se presente as proposicións que se estimen pertinentes.....”.

O que se expide aos efectos oportunos, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Emiliano Lage Rodríguez, en Fornelos de Montes, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

**Vº e praxe
O alcalde**

